


AXUDAS
PROGRAMA DE AXUDAS A
CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO
Convocatoria 2020-2021



XUNTA DE GALICIA

Normas xerais e convocatoria.....	2
Programa I – Axudas ás unidades de apoio á actividade profesional.....	5
Programa II – Axudas para creación, adaptación e asistencia técnica	7
Programa III – Axudas ao custo salarial das persoas con discapacidade	10

IMPORTANTE:

**A información que se ofrece neste documento é un resumo
que non substitúe a orde de bases reguladoras.**

Antes de presentar a solicitude de subvención, debe consultar a orde na
súa versión íntegra

NORMAS XERAIS E CONVOCATORIA

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 9 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e se procede á súa convocatoria para os anos 2020-2021 (DOG núm. 47, do 09.07.2020).

FINALIDADE

Garantir a empregabilidade das persoas con discapacidade mediante subvencións aos centros especiais de emprego a través de tres programas de axudas:

- PROGRAMA I: axudas ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social (TR341K).
- PROGRAMA II: axudas para a creación de postos de traballo estables, adaptación de postos e asistencia técnica (TR341E e TR341N).
- PROGRAMA III: axudas ao financiamento parcial do custo salarial das persoas con discapacidade (TR341M).

ENTIDADES BENEFICIARIAS

Esta convocatoria diríxese a:

- a) centros especiais de emprego inscritos como tales no Rexistro Administrativo de Centros Especiais

de Emprego de Galicia, e co centro de traballo autorizado, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo.

- b) centros que na data de presentación da solicitude da axuda teñan solicitado a súa cualificación como centro especial de emprego ou a ampliación de novos centros de traballo.

Para o programa II (agás no caso das axudas para o informe de auditoría sobre a conta xustificativa), só poderán ser beneficiarios os CEE de iniciativa social regulados no artigo 43.4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse por separado para cada un dos programas, obrigatoriamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados (anexos I, II, III ou IV) dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Para presentar as solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365, <https://sede.xunta.gal/chave365>.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Ata o 24 de agosto de 2020

INCOMPATIBILIDADES

As axudas dos programas I e III serán incompatibles entre si, cando se trate dunha mesma persoa con discapacidade integrante da unidade de apoio. Se se solicitan ambas concederáse unicamente a de custo salarial.

Ambas as dúas liñas serán tamén incompatibles, respecto da mesma persoa, coas axudas do programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego.

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

O órgano competente para tramitar e resolver os programas de axudas I e II é a Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria e para o programa de axudas III son as xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, referidas a centros de traballo radicados na respectiva provincia.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Concorrenza non competitiva

EXECUCIÓN

PERÍODO DE EXECUCIÓN

Desde o 1 de xullo de 2020 ata o 30 de xuño de 2021

- Anualidade 2020: accións subvencionables desde o 1 de xullo ao 31 de outubro de 2020.
- Anualidade 2021: accións subvencionables desde o 1 de novembro de 2020 ao 30 de xuño de 2021.

XUSTIFICACIÓN

As entidades beneficiarias deberán presentar a conta xustificativa detallada por anualidades, que no caso dos programas I e III acompañarase de informe de auditor, nos prazos que se indican para cada programa e conforme os modelos dispoñibles na páxina web:

https://ceei.xunta.gal/recursos/axudas-e-subvencions/secretaria-xeral-de-emplego?content=iniciativa_0098.html

PAGAMENTO

Poderán realizarse pagamentos anticipados do gasto para cada anualidade, sempre que o CEE o solicite marcando esta opción no anexo de solicitude ou mediante escrito dirixido ao órgano xestor da axuda en calquera momento anterior á xustificación.

Para o pagamento anticipado as entidades beneficiarias están eximidas de constituír garantías.

A liquidación e pagamento final realizarase unha vez xustificada a actividade subvencionada.

En todo caso, para o pagamento será necesario acreditar a cualificación e inscrición da entidade no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a condición de CEE de iniciativa social, cando proceda.

FINANCIAMENTO

A convocatoria 2020-2021 está dotada con 17 180 000,00 €. A distribución inicial de créditos entre os tres programas é a seguinte:

- Programa I: **1 007 000,00 €.**
- Programa II: **1 088 000,00 €.**
- Programa III: **15 085 000,00 €.**

PROGRAMA I – AXUDAS ÁS UNIDADES DE APOIO Á ACTIVIDADE PROFESIONAL

FINALIDADE

Subvencionar os custos salariais e de Seguridade Social por conta da empresa derivados da contratación indefinida do persoal traballador das unidades de apoio á actividade profesional, no marco dos servizos de axuste persoal e social dos CEE.

BENEFICIARIAS. REQUISITOS

1. Os CEE da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que formen parte do seu cadro de persoal persoas traballadoras co tipo e grao de discapacidade seguinte:
 - persoas con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.
 - persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.
- b) Que dispoñan de unidades de apoio á actividade profesional, para a realización das funcións recollidas no artigo 27 da orde e coa composición que se detalla no artigo 31.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Os gastos subvencionables son os custos salariais e da Seguridade Social por conta da empresa, durante o período subvencionable, do persoal traballador das unidades de apoio, sempre que:

- Teñan contrato indefinido
- Teñan contrato de interinidade durante o tempo que se substitúa a persoa titular da praza de técnica ou encargada da unidade de apoio.

CONTÍAS

A axuda será de 2.400,00 €/persoa con discapacidade severa atendida, con contrato de 6 ou máis meses. Esta contía corresponde a unha persoa atendida durante un ano e a xornada completa, e reducirase se o tempo de traballo é inferior.

Límites máximos da subvención :

- Ata **o 100 %** do gasto nos CEE de iniciativa social.
- Ata **o 80 %** do gasto no resto de CEE.

XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Poderá solicitarse, nas seguintes porcentaxes, o pagamento anticipado da subvención concedida para cada anualidade:

- Ata o **100** % da anualidade 2020.
- Ata o **90** % da anualidade 2021.

DATA MÁXIMA DE XUSTIFICACIÓN

30 de setembro de 2021

Se a contía xustificada é superior ou inferior á concedida, dítaranse as resolucións complementarias ou revogatorias que procedan no momento en que se liquide o expediente.

OBRIGAS E REINTEGROS ESPECÍFICOS

Ademais das recollidas con carácter xeral no artigo 19 da orde, as entidades beneficiarias das subvencións deste programa deberán cumprir as seguintes obrigas:

- a) Manter os postos de traballo durante o período subvencionable e a proporcionalidade esixida no artigo 31 da orde. Cando se produzan vacantes de persoal, deberán ser cubertas no prazo dun mes dende a data de baixa.
- b) Manter no seu cadro de persoal o número de persoas con discapacidade, segundo o establecido no artigo 31 da orde.

En ambos os casos, se non se puidesen manter os postos de traballo ou a proporcionalidade establecida, procederase á revogación parcial da subvención e, de

ser o caso, o reintegro das cantidades indebidamente percibidas.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS NO CASO DE ERTE POR COVID-19

Se as persoas integrantes da unidade de apoio están afectadas por un ERTE: para o cálculo das contías máximas da subvención descontarase o custo salarial que non soporte a empresa.

Se as persoas con discapacidade atendidas están afectadas por un ERTE: o tempo de suspensión dos contratos ou redución de xornada destas persoas terase en conta como tempo traballado para os efectos de determinar a duración mínima do contrato e das xornadas.

PROGRAMA II – AXUDAS PARA A CREACIÓN, ADAPTACIÓN E ASISTENCIA TÉCNICA

FINALIDADE

Incentivar a creación de postos de traballo estables, e financiar as adaptacións dos postos de traballo e as asistencias técnicas que precisen os CEE no seu proceso de creación ou de mellora e diversificación produtiva.

ENTIDADES BENEFICIARIAS:

Os centros especiais de emprego de iniciativa social recoñecidos polo Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia ou que teñan solicitado o recoñecemento desta condición na data de presentación da solicitude.

Non obstante, todos os CEE inscritos ou que teñan solicitada a inscrición, con independencia de que sexan ou non de iniciativa social, poderán optar á axuda concedida para a realización do informe de auditoría sobre a conta xustificativa das axudas recollidas nos programas I e III.

LIÑAS DE AXUDA:

Os centros especiais de emprego poderán acceder ás seguintes liñas de axuda:

a) Subvención para a creación de postos de traballo estables en función do investimento en activo fixo.

Destinada a subvencionar:

- a) A creación de novos postos de traballo indefinidos para persoas con discapacidade

inscritas como demandantes de emprego non ocupadas no Servizo Público de Emprego.

- b) A transformación en indefinidos dos contratos temporais.

Debe acreditarse un incremento respecto ao cadro de persoal fixo de persoas con discapacidade que tiña o centro no último expediente concedido por este concepto.

Contía:

É subvencionable o 100% do investimento en activo fixo realizado, que estea directamente relacionado co posto ou postos de traballo creados.

A contía base será de 12 000,00 € por cada posto de traballo creado a xornada completa, ou contía proporcional se a xornada é inferior. Esta contía incrementarase nun 25 % nos seguintes supostos acumulables entre si:

- a) Se a persoa contratada é unha muller.
- b) Se ten discapacidade con especiais dificultades de inserción ou está en situación ou risco de exclusión social.
- c) Se ten máis de 45 anos.
- d) Se ten a condición de emigrante retornada.
- e) Se ten a condición de trans.
- f) Se o centro de traballo está situado nun concello rural.

Cada un dos centros de traballo do CEE poderá solicitar un máximo de 15 postos.

b) Subvención para a adaptación de postos de traballo e eliminación de barreiras.

Destinada a subvencionar a adaptación de postos de traballo e a eliminación de barreiras arquitectónicas, sempre que se acredite a súa necesidade para manter o posto de traballo en atención á discapacidade da persoa pola que se solicita a subvención.

Contía:

O 100% do gasto realizado, ata 2000,00 € por posto adaptado.

c) Subvención para a asistencia técnica.

Destinada a subvencionar a asistencia técnica prestada por empresas ou persoas físicas especializadas que reúnan garantía de solvencia profesional e nas modalidades seguintes:

c.1) Contratación de persoal de dirección, sempre que o CEE teña, como mínimo, dez persoas traballadoras. Esta axuda poderá concederse, como máximo, en dúas convocatorias.

c.2) Custos derivados da obtención das certificacións de calidade e as súas sucesivas renovacións.

c.3) Nos casos de creación ou ampliación dun centro de traballo ou diversificación da actividade do centro, poderá optarse ás seguintes axudas:

- Estudos de viabilidade, organización, comercialización e outros de natureza análoga.
- Labores de asesoramento nas diversas áreas de xestión empresarial.
- Auditorías e informes económicos.

- Auditorías sociais que lle permitan á empresa avaliar a súa eficacia social e o seu comportamento ético en relación cos seus obxectivos.

c.4) Realización do informe de auditoría sobre a conta xustificativa das axudas recollidas nos programas I e III.

Contía:

1. O 100% do gasto realizado ata 15 000,00 €, no seu conxunto, para os conceptos c.1), c.2) e c.3).
2. O 100% do gasto para os CEE de iniciativa social e o 80% no resto de CEE, cos seguintes límites en función do número de persoas contratadas polo CEE:
 - Ata 20: 2000,00 €.
 - Entre 21 e 60: 3000,00 €.
 - Máis de 60: 4000,00 €.

XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Poderá solicitarse ata o 90 % da cantidade concedida en cada anualidade.

DATA MÁXIMA DE XUSTIFICACIÓN

Para a axuda correspondente ao informe de auditoría sobre a conta xustificativa:

- 30 de setembro de 2021

Para o resto de conceptos:

- Anualidade 2020: 16 de novembro de 2020
- Anualidade 2021: 30 de setembro de 2021

OBRIGAS E REINTEGROS ESPECÍFICOS

Ademais das obrigas xerais por creación de emprego estable, engádense as seguintes obrigas específicas:

- a) Destinar a subvención ao plan de investimento polo que se concedeu a axuda. No caso contrario, procederase ao reintegro do 100 % da axuda.
- b) Manter os postos de traballo creados con carácter indefinido un mínimo de 2 anos. No caso de baixa voluntaria da persoa traballadora ou despedimento procedente, deberá substituírse nun prazo máximo de 3 meses, polo tempo que reste ata completar os 2 anos e nas mesmas condicións polas que se concedeu a axuda. En

caso contrario procederá o reintegro proporcional da axuda.

O despedimento improcedente antes de que transcorran 2 anos dará lugar ao reintegro do 100 % da axuda.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS NO CASO DE ERTE POR COVID-19

No caso das axudas para a contratación de persoal de dirección, se a persoa afectada está afectada por un ERTE o tempo de suspensión do contrato non se computará para os efectos de determinar o período máximo subvencionable.

Para o cálculo da subvención descontarase o custo salarial que non soporte a empresa durante o período de ERTE.

PROGRAMA III – AXUDAS AO CUSTO SALARIAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

FINALIDADE

Subvencionar o custo salarial de todas as persoas traballadoras con discapacidade en grao igual ou superior ao 33 % contratadas en centros de traballo do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Os contratos das persoas con discapacidade serán subvencionables se teñen unha duración igual ou superior a sete días.

O cálculo da subvención estimarase para todo o período subvencionable, tendo en conta a duración das contratacións e das xornadas laborais de todas as persoas traballadoras con discapacidade contratadas polo CEE no primeiro mes polo que se pide a subvención e en función do SMI establecido polo Consello de Ministros para ese ano.

CONTÍA

1. Con carácter xeral: o 50 % do salario mínimo interprofesional correspondente.
2. No caso de persoas con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral, o 60 % do salario mínimo interprofesional correspondente.

Nos contratos de traballo a tempo parcial, a contía da subvención reducirase de forma proporcional.

XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Poderá solicitarse, nas seguintes porcentaxes, o pagamento anticipado da subvención concedida para cada anualidade:

- Ata o 100 % da anualidade 2020.
- Ata o 90 % da anualidade 2021.

DATA MÁXIMA DE XUSTIFICACIÓN

- Xustificacións mensuais: no prazo máximo de 40 días contado desde o último día do mes de referencia
- Xustificación final: 30 de setembro de 2021

Se a contía xustificada é superior ou inferior á concedida, ditaranse as resolucións complementarias ou revogatorias que procedan no momento en que se liquide o expediente.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS NO CASO DE ERTE POR COVID-19

Para o cálculo da subvención descontarase o custo salarial que non soporte a empresa durante o período de ERTE que afecte ás persoas subvencionadas.

Máis información:
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Secretaría Xeral de Emprego

Edif. Administrativo. San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 544 716 / 981 957 727

Xefatura Territorial da Coruña

Avda. Salvador de Madariaga, 9
15071 A Coruña

Teléfono: 881 881 594

Xefatura Territorial de Ourense

Avda. de la Habana, 79
32071 Ourense

Teléfono: 988 386 819

Xefatura Territorial de Lugo

Rolda da Muralla, 70
27071 Lugo

Teléfono: 982 294 260

Xefatura Territorial de Vigo

Concepción Arenal, 8
36201 Vigo

Teléfono: 986 817 751

ceei.xunta.gal

economiasocial.emprego@xunta.gal
integracion.laboral.emprego@xunta.gal

eusumo.gal

info@eusumo.gal